

DECRETO

D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores

ASUNTO: DECRETO DE ADXUDICACIÓN DIRECTA DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS E APROBACIÓN DOS RESPECTIVOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LUGO E AS ENTIDADES QUE DESENVOLVEN PROGRAMAS OU ACTIVIDADES NO EIDO DO BENESTAR SOCIAL. (EXERCICIO ECONÓMICO 2024).

Vista:

1º O artigo 14.2 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Lugo (BOP nº 111, do 18.05.2005) establece que *“poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza”*.

2º Na base 24 de execución do orzamento xeral municipal do Concello de Lugo (ano 2024) figura a previsión de subvencións nominativas de servizos sociais por un importe total de 280.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 a favor das seguintes entidades e co seguinte detalle:

ENTIDADE	CIF	PROXECTO	CONTIA
AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	G27285980	Actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias	10.000 ,00
AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia	G15220577	Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo	2.500,00
ALCER Lugo	G27015866	Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril	2.500,00
ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	G27209535	Actividades destinadas a persoas afectadas	2.500,00
ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais	G27198977	Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais	10.000 ,00
ASORLU. Asociación de persoas xordas de Lugo	G27021187	Servizo de intérprete de lingua de signos: servizo de mantemento	19.000,00
ASPACE LUGO		Mantemento de locais	5.000,00

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

Asociación de persoas con parálise cerebral de Lugo	G27178904	sociais e programas	
ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	G27018365	Campamento de verán	16.000,00
AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física	G08317059	Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal	12.000,00
A. XITANA LUGO. Asociación de promoción e integración gitana de Lugo	G27017987	Mantemento do local social e actividades	10.000,00
CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO	R2701016D	Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social	9.000,00
AECC. Asociación Española contra el cáncer	G28197564	Atención integral as persoas diagnosticadas de cancro de mama	2.500,00
ADACE LUGO. Asociac.de dano cerebral adquirido sobrevido	G27337278	Mantemento das instalacións da sede social	8.000,00
ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA	G70223417	Emprego e Saúde a través do Empoderamento	3.000,00
COGAMI LUGO. Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo.	G27219773	Información, Orientación, Asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo.	19.000,00
Asociación penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL	G27119809	- Xornadas penitenciarias lucenses 1.500 € - Servizo de información, orientación e atención social 3.000 €.	4.500,00
Cruz Roja Española	Q2866001G	-Proxecto mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar: 6.500€ -Albergue transeúntes e persoas sen fogar. 73.500€	80.000,00€
Asociación síndrome de DOWN de Lugo	G27202043	Programa de autonomía persoal e social	5.000,00
FADEMGA PLENA INCLUSION SOCIAL GALICIA. Federación Galega de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual o del	G36620037	Servizo de Información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con	2.000,00

desarrollo		discapacidade intelectual ou do desenvolvemento	
Saúde mental FEAFES GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	G15545353	Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental	5.000,00
Asociación Leticia Cativa	G32298101	Acollemento estival en familias luguesas de persoas menores rusas afectadas pola radiación de Chernobyl	3.000,00
RAIOLAS LUGO. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista	G27255991	Escola de familias	2.000,00
SAHARAUIS. Solidariedade Galega co Pobo Saharai	G15924558	Vacacións en Paz	7.000,00
SECRETARIADO GITANO	G83117374	Programa operativo de Inclusión Social e Economía Social ACCEDER	38.000,00
ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	G27382027	Programa de actividades para enfermos de parkinson	3.000,00
IMPORTE TOTAL			280.500,00

3º No capítulo II do Título II da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións regúlase o procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal no que se esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

4º Dende os Servizos Sociais notificáronse os requirimentos individuais precisos para a instrución do procedemento, os cales foron cumprimentados por todas as entidades, a documentación de cada un dos expedientes individuais está completa.

Todos os programas subvencionados teñen un marcado interese social posto que os seus obxectivos son coincidentes cos establecidos no art 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e teñen un interese público, así mesmo, os programas contan con especialidades dentro do seu ámbito de actuación polo que se xustifica a adxudicación directa a estas entidades.

5º Constan informes de Tesourería Municipal xustificativos de que as entidades beneficiarias non teñen débedas tributarias co Concello de Lugo, (Informe do 21.08.24 de Asorlu e informe do 10.09.24 do resto de entidades).

Así mesmo, en cada un dos expedientes individuais constan os correspondentes certificados actualizados de non débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda e Tesourería Xeral da Seguridade Social.

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

6º O acordo nº 9/513 da Xunta de Goberno Local do 27.11.24, aprobou un modelo normalizado de convenio a través do cal se canalizarán, agás excepcións xustificadas, as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal ano 2024. Dende os servizos sociais redactáronse os correspondentes convenios para cada unha das entidades beneficiarias segundo este modelo aprobado.

7º Existe consignación orzamentaria suficiente e axeitada para a tramitación do presente procedemento na aplicación orzamentaria 23179.48900. RC 83059 do 09.12.24. Importe: 295.500,00€ .

8º Os servizos sociais emitiron os informes proposta de adxudicación do 11.12.24 e do 17.12.24.

9º A “Asociación Leticia Cativa”, CIF G-32298101, presentou o 29.08.2024 por rexistro xeral escrito asinado polo presidente da entidade mediante o cal comunica a decisión da Xunta Directiva de suspender durante o ano 2024 o programa financiado polo Concello de Lugo “*Programa humanitario de acollemento estival en familias luguesas de persoas menores rusas afectadas pola radiación de Chernobyil*”, ante a imposibilidade de poder desenvolvelo. Por conseguinte, a entidade a través do escrito presentado renuncia á subvención do Concello de Lugo.

10º Que o órgano competente para a resolución do presente procedemento é a Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, segundo o acordo nº 9/513 da Xunta de Goberno Local do 27.11.2024 de delegación nos tenentes de alcaldesa e concelleiros delegados a aprobación dos convenios reguladores das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos do ano 2024.

11º A publicidade destas subvencións realizarase conforme ao establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

12º.-Os informes de Intervención Municipal relativo á fiscalización da presente fase do expediente (fase D).

En consecuencia segundo o acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, do 26 de xullo de 2023 este órgano resérvase no punto m) a aprobación dos convenios reguladores das subvencións nominativas, esta competencia foi delegada a través do acordo da Xunta de Goberno Local nº 9/513 do 27.11.24 nos tenentes de alcaldesa e concelleiros delegados para as subvencións nominativas do ano 2024.

Polo tanto, resulta competente para a adopción da presente resolución a Concelleira Delegada de de Benestar Social e Maiores, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a autorización e disposición do gasto por un importe total de de 277.500,00 € en concepto de subvención nominativa do ano 2024 a favor das entidades que a continuación se relacionan, coas contías e para os programas detallados na seguinte táboa. Todo isto con cargo á con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900(RC 83059 do 09.12.24).

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	G27285980	Actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias	10.000,00
AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia	G15220577	Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo	2.500,00
ALCER Lugo	G27015866	Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril	2.500,00
ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	G27209535	Actividades destinadas a persoas afectadas	2.500,00
ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais	G27198977	Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais	10.000,00
ASORLU. Asociación de persoas xordas de Lugo	G27021187	Servizo de intérprete de lingua de signos: servizo de mantemento	19.000,00
ASPACE LUGO Asociación de persoas con parálise cerebral de Lugo	G27178904	Mantemento de locais sociais e programas	5.000,00
ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	G27018365	Campamento de verán	16.000,00
AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física	G08317059	Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal	12.000,00
A. XITANA LUGO. Asociación de promoción e integración gitana de Lugo	G27017987	Mantemento do local social e actividades	10.000,00
CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO	R2701016D	Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social	9.000,00

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

AECC. Asociación Española contra el cáncer	G28197564	Atención integral as persoas diagnosticadas de cancro de mama	2.500,00
ADACE LUGO. Asociac.de dano cerebral adquirido sobrevido	G27337278	Mantemento das instalacións da sede social	8.000,00
ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA	G70223417	Emprego e Saúde a través do Empoderamento	3.000,00
COGAMI LUGO. Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo.	G27219773	Información, Orientación, Asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo.	19.000,00
Asociación penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL	G27119809	- Xornadas penitenciarias lucenses 1.500 € - Servizo de información, orientación e atención social 3.000 €.	4.500,00
Cruz Roja Española	Q2866001G	-Proxecto mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar: 6.500€ -Albergue transeúntes e persoas sen fogar. 73.500€	80.000,00
Asociación síndrome de DOWN de Lugo	G27202043	Programa de autonomía persoal e social	5.000,00
FADEMGALICIA PLENA INCLUSION SOCIAL GALICIA. Federación Galega de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual o del desarrollo	G36620037	Servizo de Información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento	2.000,00
FEAFES GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	G15545353	Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental	5.000,00
RAIOLAS LUGO. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista	G27255991	Escola de familias	2.000,00
SAHARAUIS. Solidariedade galega co pobo saharauí.	G15924558	Vacacións en paz	7.000,00
SECRETARIADO GITANO	G83117374	Programa operativo de Inclusión Social e Economía Social ACCEDER	38.000,00
ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	G27382027	Programa de actividades para enfermos de parkinson	3.000,00
IMPORTE TOTAL			277.500,00

SEGUNDO.- Aprobar os textos dos convenios de colaboración de adxudicación de subvención nominativa para cada unha das entidades beneficiarias segundo o modelo normalizado aprobado polo acordo da Xunta de Goberno Local nº 9/513 do 27.11.24, así como os anexos de xustificación comúns para todas elas, segundo a seguinte relación:

- a) Texto dos convenios de colaboración.
- b) Anexos comúns (anexo I, II, III, IV, V, VI).

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS - AFALU PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: "PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA DOENTES DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS. (ANO 2024).-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a M^a CARMEN PENA LEDO**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFALU)**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades

Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFALU)**, no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta o "**Programa de actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias**".

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto.

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do "**Programa de actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias**" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 10.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFALU)**, comprométese a :

- Realizar o “Programa de actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias”, na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.

- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9**

de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1. Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
2. Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
3. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

4. Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.
5. No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar

Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da

subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar

a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA -AGADHEMO-, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: PROGRAMA ESCOLA DE FORMACIÓN PARA PERSOAS CON HEMOFILIA E OUTRAS COAGULOPATÍAS CONXÉNITAS EN LUGO. (ANO 2024).

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, a **D^o BRAIS CARREIRA IGLESIAS**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA- AGADHEMO.**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA -AGADHEMO-**, no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa escola de formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo. (ano 2024).

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do "**PROGRAMA ESCOLA DE FORMACIÓN PARA PERSOAS CON HEMOFILIA E OUTRAS COAGULOPATÍAS CONXÉNITAS EN LUGO**" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 2.500,00 € para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA -AGADHEMO-** comprométese a :

- Realizar a actividade: " Programa escola de formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en lugo ", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 2.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga,

procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

6. Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
7. Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
8. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

9. Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera

persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

10. No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarse co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante**

de presentación) que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A

presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ALCER-LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: "MANTEMENTO E ATENCION DIETETICA PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE DO RIL" DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a MARÍA JOSÉ OTERO DÍAZ**, na súa calidade de representante legal de **ALCER-LUGO**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ALCER-LUGO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa de “Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do ril”

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa de mantemento e información e asesoramento sobre insuficiencia renal crónica (irc) no local social da asociación alcer lugo e saúde a través do empoderamento." por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na

lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 2.500,00 € para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ALCER-LUGO** comprométese a :

- Realizar o proxecto " Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do ril" na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 2.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a

subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento.

Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN LUCENSE DE ESCLEROSE MÚLTIPLE - ALUCEM PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR O PROGRAMA ACTIVIDADES DESTINADAS A PERSOAS AFECTADAS DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^o PABLO MIRANDA LAGE**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN LUCENSE DE ESCLEROSE MÚLTIPLE -ALUCEM**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ALUCEM. ASOCIACIÓN LUCENSE DE ESCLEROSE MÚLTIPLE** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus

estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa de actividades destinadas a persoas afectadas.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto " Programa de actividades destinadas a persoas afectadas." por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 2.500,00 € para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

ALUCEM. ASOCIACIÓN LUCENSE DE ESCLEROSE MÚLTIPLE comprométese a :

- Realizar o " Programa de actividades destinadas a persoas afectadas.", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).

- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo alcanzará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 2.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde,

nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou**

profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentárase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvencion, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e

segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ALUME SAÚDE MENTAL. ASOCIACIÓN LUCENSE DE AXUDA A ENFERMOS MENTAIS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR O “PROGRAMA PLURIASISTENCIAL DE APOIO E REHABILITACIÓN PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL: COBERTURA DE ALOXAMENTO. (EXERCICIO 2024).

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^o MANUEL FERNÁNDEZ PRADO**, na súa calidade de representante legal da **ALUME SAÚDE MENTAL**,

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ALUME SAÚDE MENTAL** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación para persoas con enfermidade mental: cobertura de aloxamento.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "**Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación para persoas con enfermidade mental: cobertura de aloxamento**" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime

local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 10.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

ALUME SAÚDE MENTAL comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto “Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación para persoas con enfermidade mental: cobertura de aloxamento”, na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere

as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o

Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentarase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes

conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte

procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarse co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento.

Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE LUGO- ASORLU PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE SERVIZO DE INTERPRETE DE LINGUAXE DE SIGNOS DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D. DANIEL LOURÉS FERRO**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE LUGO – ASORLU**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE LUGO- ASORLU** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Servizo de intérprete de lingua de signos.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto Servizo de interprete de lingua de signos:servizo de mantemento por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 19.000,00 € para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

ASORLU -ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE LUGO comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Servizo de interprete de lingua de signos:servizo de mantemento",na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).

- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 19.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificados no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarse co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido,

sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por

outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL DE LUGO- ASPACE LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: “MANTEMENTO DOS LOCAIS SOCIAIS DA ENTIDADE E PROGRAMAS” .EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a M^a FERNANDA ARROJO NOVOA**, na súa calidade de representante legal de **ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL DE LUGO-ASPACE LUGO**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASPACE LUGO. ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL DE LUGO.** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do "Programa mantemento dos locais sociais da entidade e programas".

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa mantemento dos locais sociais da entidade e programas" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 5.000 € para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

ASPACE LUGO. ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL DE LUGO comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Programa mantemento dos locais sociais da entidade e programas ", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a

consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para

o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita

xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple neglixencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASPNAIS. ASOCIACIÓN DE PAIS OU TITORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE CAMPAMENTO DE VERÁN DURANTE O EJERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **Dº JOSÉ REIGOSA GARCÍA**, na súa calidade de representante legal de **ASPNAIS-ASOCIACIÓN DE PAIS OU TITORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE LUGO**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASPNAIS-ASOCIACIÓN DE PAIS OU TITORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE LUGO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta o proxecto campamento de verán.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do "Proxecto campamento de verán" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 16.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

ASPNAIS-ASOCIACIÓN DE PAIS OU TITORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE LUGO comprométese a :

- Realizar a actividade campamento de verán, na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 16.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade

do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a

eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentarase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con**

identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
3. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares

xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que deberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentárase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben

comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E AUXILIA. ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E CULTURAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: “POR AQUÍ MOVÉMONOS TOD@S: A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS E A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL” DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a MARÍA NURIA NEIRA VILA**, na súa calidade de representante legal da **AUXILIA. ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E CULTURAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- b) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **AUXILIA. ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E CULTURAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do "Programa por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

4. Achegar a cantidade de 12.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

AUXILIA. ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E CULTURAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA comprométese a :

- Realizar a actividade "Programa por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 12.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non

inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou

privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarse documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**,

ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

1. Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
2. Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.
3. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4. Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5. No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se

xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN GITANA DE LUGO- APIG LUGO, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: “ACTIVIDADES E MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL”, (ANO 2024).-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^o MANUEL VILA LÓPEZ**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN GITANA DE LUGO- APIG LUGO**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de

2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN GITANA DE LUGO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa actividades e mantemento do local social.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto Programa actividades e mantemento do local social por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- 5. Achegar a cantidade de 10.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN GITANA DE LUGO** comprométese a :

- Realizar a actividade " Programa actividades e mantemento do local social" na que o Concello figurará como colaborador.

- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 10.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais

-gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada.

De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual

ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

- 4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar

Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da

subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: “COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS A PERSOAS QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL.” EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a AMPARO GONZÁLEZ MÉNDEZ**, na súa calidade de representante legal de **CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións

pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa "Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social".

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto " Programa Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

6. Achegar a cantidade de 9.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Programa Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social ", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 9.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a

consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada.

De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentarase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos

realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarse co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio

comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a MARÍA LUZ ABELLA GARCÍA**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER- AECC**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER- AECC** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa Atención integral ás persoas diagnosticadas de cancro de mama.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do "Programa Atención integral ás

persoas diagnosticadas de cancro de mama" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 2.500,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER- AECC** comprométese a :

- Realizar a actividade "Programa Atención integral ás persoas diagnosticadas de cancro de mama", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 2.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado.

En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade

do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o

Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentárase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de

declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto

comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO/SOBREVIDO DE LUGO (ADACE LUGO) PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR O PROGRAMA: MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DA SEDE SOCIAL. (EXERCICIO 2024).-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a. MARÍA ÁNGELES ROZAS DOMÍNGUEZ**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO/SOBREVIVIDO DE LUGO (ADACE LUGO)**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO/SOBREVIVIDO DE LUGO (ADACE LUGO)** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa: mantemento das instalacións da sede social.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa: mantemento das instalacións da sede social" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 8.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO/SOBREVIDO DE LUGO (ADACE LUGO)** comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Programa: mantemento das instalacións da sede social", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención

pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.

- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo alcanzará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 8.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega

de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentárase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que deberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.

2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR) PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: “EMPREGO E SAÚDE A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO” DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, D^a MÓNICA ÁLVAREZ SAN PRIMITIVO, na súa calidade de representante legal da ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa Emprego e saúde a través do empoderamento.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Emprego e saúde a través do empoderamento" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 3.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR) comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Emprego e saúde a través do empoderamento", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da

muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.

- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 3.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación

achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificados no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da

realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas

usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o

texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUGO- COGAMI LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN, ASESORAMENTO E FOMENTO DA AUTONOMÍA PERSOAL PARA A INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS GRAVEMENTE AFECTADAS DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^o JOSÉ LUIS LOLO CELEIRO**, na súa calidade de representante legal da **COGAMI LUGO. FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUGO**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **COGAMI LUGO. FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUGO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do "Programa información, orientación, asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo"

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa información, orientación, asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 19.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

COGAMI LUGO. FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUGO comprométese a :

- Realizar o "Programa información, orientación, asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo" na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 19.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

4 .Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentárase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para

o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita

xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerárase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa

DÉCIMO QUINTA.-

Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR AS SEGUINTE ACTUACIÓNS: "XORNADAS PENITENCIARIAS LUCENSES E SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ATENCIÓN SOCIAL". (EXERCICIO 2024).-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a ELVIRA PALOMA FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do "Programa xornadas penitenciarias lucenses e servizo de información, orientación e atención social"

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa xornadas penitenciarias lucenses e servizo de información, orientación e atención social" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 4.500,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio, co seguinte desglose: Xornadas penitenciarias lucenses (1.500€) e Servizo de información, orientación e atención social" (3.000€).

A ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL comprométese a :

- Realizar a actividade: Xornadas penitenciarias lucenses e servizo de información, orientación e atención social" ,na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.

- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 4.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso , na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son

subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da

sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentárase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos

preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarse co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da

mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR OS PROGRAMAS: MANTEMENTO DO PISO DE ACOLLIDA TEMPORAL DE PERSOAS SEN FOGAR E PROXECTO DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS A PERSOAS SEN FOGAR. (EXERCICIO 2024).-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^o LUIS ABELLEIRA MAYOR**, na súa calidade de representante legal da **CRUZ ROJA ESPAÑOLA**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades

Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **CRUZ ROJA ESPAÑOLA** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución dos programas "Mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar e Proxecto de actuacións específicas a persoas sen fogar"

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial dos programas "Mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar e Proxecto de actuacións específicas a persoas sen fogar" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 80.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio co seguinte desglose: Piso de acollida temporal a persoas sen fogar: 6.500,00€ e Actuacións específicas dirixidas a persoas sen fogar: 73.500,00€.

CRUZ ROJA ESPAÑOLA comprométese a :

- Realizar as actividades: "Mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar e Proxecto de actuacións específicas a persoas sen fogar", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 80.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co

anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais

-gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarse documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9**

de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

- 4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

- 5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido,

sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE PROGRAMA DE AUTONOMÍA PERSOAL E SOCIAL. (ANO 2024).-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a MARÍA JOSÉ BLANCO FREIRE**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN LUGO**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións

pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN LUGO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa de autonomía persoal e social.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa de autonomía persoal e social." por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 5.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN LUGO** comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Programa de autonomía persoal e social" na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co

anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais

-gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9**

de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

- 4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que deberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.
- 5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido,

sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por

outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: “SERVIZO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (SIOL) E O SERVIZO DE APOIO PARA O EMPREGO (SAE) EN LUGO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO.” DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^o ELADIO FERNÁNDEZ PÉREZ**, na súa calidade de representante legal da **FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA. FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO.**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA. FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO**, no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa : Servizo de información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa : servizo de información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 2.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A entidade **FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA. FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO** comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Programa:Servizo de información e orientación laboral (siol) e o servizo de apoio para o emprego (sae) en lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 2.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha

memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais,

autónomas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- 1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- 2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- 3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitíranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarse co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para

o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A

presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerárase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil

e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA - FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE SERVIZO DE EMPREGO E FORMACIÓN PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE,** actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^o JOSÉ RAMÓN GIRÓN GARCÍA,** na súa calidade de representante legal da **SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA. FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA. FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa: servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental. (ANO 2024)

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa: servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental." por entender que

estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 5.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

SAÚDE MENTAL FEADES GALICIA. FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Programa: servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental.",na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo

29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados

conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes

conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

xustificadamente se acredite a súa innecesiedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarse un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarse co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE PERSOAS CON TRASTORNOS DO

ESPECTRO AUTISTA- RAIOLAS-LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE: "ESCOLA DE FAMILIAS" DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a MARÍA INÉS FLORES LOZANO**, na súa calidade de representante legal da **RAIOLAS-LUGO.ASOCIACIÓN DE PAIS/NAIS DE PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **RAIOLAS-LUGO. ASOCIACIÓN DE PAIS/NAIS DE PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa Escola de Familias.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto " Programa Escola de Familias" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 2.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A RAIOLAS-LUGO.ASOCIACIÓN DE PAIS/NAIS DE PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto " Programa Escola de Familias", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do

total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.

- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo alcanzará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 2.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade

ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificados no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentárase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co

anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así como **relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1. Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
2. Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

3. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4. Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que deberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5. No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE “PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2024” DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a MARIA ISLA AVIÓN**, na súa calidade de representante legal da **SOLIDARIEDADE GALEGA CON POBO SAHARAUÍ**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **SOLIDARIEDADE GALEGA CON POBO SAHARAUÍ** Mno exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa Vacacións en paz 2024

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto " Programa Vacacións en paz 2024" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

3. Achegar a cantidade de 7.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **SOLIDARIEDADE GALEGA CON POBO SAHARAUI** comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto" Programa Vacacións en paz 2024", na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.

- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 7.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e

normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso , na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificados no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentárase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de

decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentárase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ACTIVIDADE “PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSION SOCIAL E ECONOMIA SOCIAL ACCEDER E PROMOCIONA FSE+” DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a EVA VERA LEDO**, na súa calidade de representante legal da **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto

relativo á execución do "Programa operativo de inclusión social e economía social Acceder e Promociona FSE+"

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "Programa operativo de inclusión social e economía social Acceder e FSE+" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

Achegar a cantidade de 38.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO** comprométese a :

- Realizar a actividade: proxecto "Programa operativo de inclusión social e economía social Acceder e Promociona FSE+" na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 38.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non

inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como

mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentárase, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos

registros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

1.Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

2.Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.

3.Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

4.Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

5.No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentárase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - . Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - . Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - . Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO CONCELLO DE LUGO E ASOCIACION PARKINSON LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA ENFERMOS DE PARKINSON, DURANTE O EXERCICIO 2024.-

Lugo, data e sinatura electrónica á marxe.

REUNIDOS

Dunha banda, a Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, **D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada.

E doutra banda, **D^a ROSA FARIÑAS FERNÁNDEZ** na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización

e sostenibilidade da Administración Local (BOE nº 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

III.- Que a entidade **ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO** no exercicio da súa capacidade e competencia, conforme aos seus estatutos, presenta un proxecto relativo á execución do Programa de actividades para enfermos de Parkinson.

IV.- Que o Concello ten entre os seus obxectivos o fomento da realización de actividades de utilidade pública, de interese social e de promover a consecución de fins de interese públicos.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto "**PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA ENFERMOS DE PARKINSON**" por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na lexislación básica do Estado de réxime local (artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 3.000,00€ para o financiamento parcial das actividades obxecto deste convenio.

A **ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO** comprométese a :

- Realizar o Programa de actividades para enfermos de Parkinson na que o Concello figurará como colaborador.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.
- Colaborar co Concello de Lugo en todo aquilo que fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
- Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2024 a cantidade de 3.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.24 ó 31.12.24.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor do mercado.

Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados da realización do proxecto ou actividade concreta subvencionada de acordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural/deportivo non inventariable, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade ou programa subvencionado. En todo caso deberán quedar xustificadas no expediente os criterios de imputación realizados.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica (xestoría) ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando a mesma non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes:

- material inventariable.
- gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais
- gastos de celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde,

nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

QUINTA- Pagamento da subvención. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

SEXTA. -Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao cobro da totalidade do importe, a entidade beneficiaria deberán presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**,

ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación recollido na cláusula sétima.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (**imprescindible relación de gastos e ingresos**), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. No caso de relacionarse nóminas deben vir desglosados os seguintes conceptos: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador/a e o IRPF.

Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada, nos cales deberá constar a difusión do carácter público do financiamento do programa.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

b.1.)As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos o detalle.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade dos gastos presentados mediante xustificante bancario ou outros medios de pago establecidos segundo lexislación vixente, en todo caso mediante transferencia bancaria cando o importe sexa igual ou superior a 1.000 euros segundo o **disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que: "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"**.

Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

6. Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

7. Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

8. Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade, deberá acreditarse a normativa aplicable no seu caso. Nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado, deberá acreditarse o cumprimento das esixencias da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria, e acreditar que unicamente se corresponden con reembolsos ou compensación polos gastos realizados en desenvolvemento das súas accións voluntarias, non podendo encubrir relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado.

Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

9. Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade, e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma. A ditos efectos deberá achegarse o correspondente certificado acreditativo da titularidade.

10. No caso de presentar gastos en moeda estranxeira, presentarase un certificado bancario no que conste o cambio a euros na data do gasto .

6.- No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención, deberá especificarse as **persoas usuarias, motivo e lugar**. No caso de persoas usuarias, poderase acreditar mediante certificado expedido polo Secretario da Entidade facendo constar nome, apelidos e relación coa Entidade (deportista, asociado, persoal técnico...). Así mesmo e no caso de que se

xustifique a través de gastos de combustible, a factura deberá figurar a nome da entidade subvencionada e deberá acreditarse a identificación do vehículo e a súa titularidade pola Entidade beneficiaria e no caso de gastos telefónicos as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención.

No caso de gastos de persoas individuais, como poderían ser gastos de fisioterapia, deberase especificar que o terceiro ten relación coa actividade subvencionada, mediante certificado acreditativo expedido polo secretario da Entidade .

b.2.) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación ou, noutro caso, nun momento posterior.

c) O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable poderá substituír á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a achega de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2025.

Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, coa perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións

1.-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionarase mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4.-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.
- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

NOVENA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2024.

DÉCIMA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais,

poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Control financeiro da subvención

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordados pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto as entidades beneficiarias someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Aos efectos de execución deste convenio normalizado as unidades xestoras emitirán os correspondentes ANEXOS que deberán ser conformes ao texto deste convenio.

B) ANEXOS COMÚNS (ANEXO I, II, III, IV, V, VI).

ANEXO I

MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR E QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2024.

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA:

--

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS: (denominación e contido a desenvolver en cada unha delas)

--

ESPECIALIZACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INTERÉS PÚBLICO E SOCIAL A SUBVENCIONAR E QUE DETERMINA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA.

OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVO OU COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXEN AS ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR (Indicar o sector ou colectivo ao que van dirixidas, especificando en valores aproximados e globais: o número de persoas destinatarias, a porcentaxe de homes e mulleres, as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Destinatarias directas	Destinatarias indirectas	Homes/idades	Mulleres/idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				
☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				

☐	Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐	Persoas inmigrantes.				
☐	Minorías étnicas.				
☐	Outras:				

CRONOGRAMA DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar data, duración e periodicidade de cada unha).

--

LUGAR PREVISTO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

--

RECURSOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES.

a)-Recursos materiais

--

b)-Recursos humanos: (detallar o número e a categoría profesional das persoas que desenvolven as distintas actividades a subvencionar).

--

c)-Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto do gasto	importe
-Persoal.	
-Actividades.	
-Alugamento.	
-Subministracións: teléfono, luz, gas...	
-Publicidade e imprenta (nunca máis do 10% do custo da acción subvencionada).	
-Xestión.	
-Outros...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS PARA FINANCIAR A ACCIÓN SUBVENCIONADA: (subvencións públicas, privadas, cotas de socios, outras financiación, ...).

Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	

-Outras.	
TOTAL.	

IMPORTE TOTAL DO ORZAMENTO:

IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA:

Lugo, a de
Sinatura,

de 2024
Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO II

MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUTURAS A SUBVENCIONAR DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2024 E BREVE MEMORIA DAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS A DESENVOLVER.

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA A SUBVENCIONAR:

GASTO PROPOSTO :

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER: (relacionar o gasto proposto coas actividades a desenvolver o cos fins da entidade).

DESCRIPCIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL QUE DESENVOLVE A ENTIDADE:

OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXE A PROGRAMACION DA ENTIDADE (Indicar o sector ou sectores, especificando, en valores aproximados e globais: o número de persoas beneficiarias, a porcentaxe de homes e mulleres e as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Beneficiarias directas	Beneficiarias Indirectas	Homes/ idades	Mulleres/ idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/ios

Ref: SUBV NOMINATIVAS 24

Asunto: Decreto pagamento

☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐ Persoas inmigrantes.				
☐ Minorías étnicas.				
☐ Outras:				

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO GASTO EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE A DESENVOLVER.

RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES.

a)-Recursos materiais

-Breve descrición do local onde se vai realizar o gasto):

M2	Núm. Habitáculos/distribución
Ubicación:	
Equipamento actual:	
Réxime de posesión ou tenza do local. ¿A Asociación conta con local social exclusivo para uso da entidade? NON ☐ SI ☐ * Local en alugueiro ☐ Local en propiedade ☐ En réxime de cesión ☐ (*)Achegar xustificación documental do alugueiro ou propiedade.	
Outros datos que se consideren relevantes:	

b)-Recursos humanos: (detallar o número e a categoría profesional das persoas que desenvolven as distintas actividades a subvencionar).

c)-Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto do gasto	importe
-Pequenas reparacións.	
-Mantemento e conservación de bens propios ou alugados.	
-Material non inventariable	
-Limpeza.	
...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	
-Outras.	
TOTAL.	

O orzamento presentado ascende a:

O subvención solicitada ascende a:

Lugo, a de de 2024
Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

6-Que esta entidade ten comunicado ó Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ó ano 2024.

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO LOCAL 2024.

D./D.^a _____ provista/o do NIF núm
_____ na súa cualidade de (presidenta/e, secretaria/o;
tesoureira/o...) _____ da entidade _____ con
endereço social _____ e con CIF núm. _____ e
núm. do rexistro municipal de asociacións _____.

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

1-Esta entidade SÍ/NON ten solicitado subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade (sinale cun X o que proceda).

☐ SÍ *

☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2024 esta entidade **solicitou** as seguintes subvencións:

Denominación	Procedencia	Contía

2-A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para os que se solicita a subvención vanse efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3-Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e do Concello de Lugo respectivamente, tal e como se demostra nas certificacións que se achegan.

4-Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5-Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral algunha co Concello de Lugo.

6-Que esta entidade ten comunicado ó Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ó ano 2024.

Lugo, a de de 2024
Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO IV

MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA SUBVENCIONADO E DESENVOLTO DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2024.

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA:

--

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS: (denominación e contido desenvolvido en cada unha delas).

--

OBXECTIVOS ACADADOS CO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN SUBVENCIONADA E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVO OU COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXIRON AS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS: (Indicar o sector ou colectivo ao que se dirixiron, especificando o número de persoas beneficiarias directas e indirectas, a porcentaxe de homes e mulleres e as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Beneficiarias directas	Beneficiarias Indirectas	Homes/ idades	Mulleres/ idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				
☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐ Persoas inmigrantes.				
☐ Minorías étnicas.				
☐ Outras:				

CRONOGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES (Indicar data, duración e periodicidade de cada unha).

LUGAR OU LUGARES NOS QUE SE DESENVOLVERON AS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS (referenciar cada unha delas).

RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS:

a)-Recursos materiais:

--

b)-Recursos humanos (detallar o número e a categoría profesional das persoas que desenvolveron as actividades subvencionadas):

--

c) Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES REALIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto do gasto	importe
-Persoal.	
-Actividades.	
-Alugamento.	
-Subministracións.	
-Publicidade e imprenta (nunca máis do 10% do custo da acción subvencionada).	
-Xestión.	
-Outros...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	
-Outras.	
TOTAL.	

O orzamento presentado no seu día ascendía a:

--

O orzamento realmente executado ascende a:

--

Explicar os motivos da desviación existente entre o orzamento presentado e o realmente executado, se fose o caso.

--

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN, DE SER O CASO:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento
....					
Total					€

Lugo, a de de 2022

Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO V

MEMORIA DOS GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DE INFRAESTRUTURAS SUBVENCIONADOS DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2024 E BREVE MEMORIA DAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS DESENVOLTAS POLA ENTIDADE NESTE ANO.

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA SUBVENCIONADO:

--

GASTO REALIZADO:

--

DESCRICIÓ DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS DESENVOLTAS: (explicar a necesidade da realización dos distintos gastos: mantemento, conservación, pequenas reparacións,...

DESCRIPCIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DESENVOLVIDA POLA ENTIDADE:

OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN ANUAL E RELACIÓN DESTES COS FINS DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVOS AOS QUE SE DIRIXE A PROGRAMACION DA ENTIDADE (Indicar o sector ou sectores, especificando, en valores aproximados e globais: o número de persoas beneficiarias, a porcentaxe de homes e mulleres e as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Beneficiarias directas	Beneficiarias Indirectas	Homes/ idades	Mulleres/ idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.				
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.				
☐ Persoas paradas de longa duración.				
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.				
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial				
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.				
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.				
☐ Persoas toxicómanas.				
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non				

institucionalizadas.				
☐ Persoas enfermas terminais.				
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.				
☐ Persoas inmigrantes.				
☐ Minorías étnicas.				
☐ Outras:				

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO GASTO EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE A DESENVOLTA E COS FINS DA ENTIDADE.

OBXECTIVOS ACADADOS COA PROGRAMACIÓN ANUAL DA ENTIDADE.

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar cando se desenvolveron todas e cada unha das accións subvencionadas, duración, periodicidade,...)

LUGAR NO QUE SE DESENVOLVERON AS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS (relacionar o lugar ou lugares nos que se desenvolveu cada unha delas).

RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS:

a)-Recursos materiais:

b)-Recursos humanos (relacionar pormenorizadamente o número e a categoría profesional de todas as persoas que desenvolven as distintas actividades subvencionadas):

c) Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES REALIZADOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto do gasto	importe
-Pequenas reparacións.	
-Mantemento e conservación de bens propios ou alugados.	
-Material non inventariable	
-Limpeza.	
-Vestuario profesional.	
...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS UTILIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto	importe
-Subvencións públicas.	
-Subvencións privadas.	
-Cotas de socios.	
-Outras.	
TOTAL.	

O orzamento presentado no seu día ascendía a:

O orzamento realmente executado ascende a:

Explicar os motivos da desviación existente entre o orzamento presentado e o realmente executado, se fose o caso.

RELACIÓN CLASIFICADA DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR O IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN:

Núm. factura	Data emisión.	Concepto	Acredor	Importe	Data pagamento

....					
Total					€

Lugo, a de de 2024
 Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO LOCAL 2024

D./D.^a _____ provista/o do NIF núm
 _____ na súa cualidade de (presidenta/e, secretaria/o;
 tesoureira/o...) da entidade _____ con
 enderezo social _____ e con CIF núm _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

1-Esta entidade (marque cunha cruz a opción que proceda) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- ☐ *SI
☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2024, **esta entidade solicitou/recibiu outras subvencións ou axudas doutras entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento de idéntica finalidade da actividade que se subvenciona** (indicar procedencia e contía).

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

***Copia da relación de gastos presentada na entidade correspondente** (con xustificante de presentación).(No caso recibir outras subvencións ou axudas para o financiamento da acción subvencionada).

2-A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3-Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

4-As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

-Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

-Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

-Conteñen gastos que xa lle foron aboados á persoa e/ou entidade debedora agás naqueles nos que se acredita a devindicación, pero a data efectiva de aboamento é posterior; suposto este no que se presentará a documentación tan pronto como se dispoña dela.

6-Que o persoal que desenvolve as súas funcións como asalariado nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7-Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2024.

Lugo, a de de 2024

Sinatura,

Selo da Asociación

TERCEIRO.- Aceptar a renuncia presentada pola “Asociación Leticia Cativa”, CIF G-32298101, á subvención nominativa por imposibilidade de desenvolver o *“Programa humanitario de acollemento estival en familias luguesas de persoas menores rusas afectadas pola radiación de Chernobyil”*, por importe de 3.000€.

CUARTO.- Acordar a liberación de crédito por importe de 18.000€ da aplicación aplicación orzamentaria 23179.48900(RC 83059 do 09.12.24).

QUINTO.- A publicidade destas subvencións realizarase conforme ao establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

SÉXTO Notificar a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

-Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto. Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderá interpoñer:

-O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimento Administrativo das Administracións Públicas (BOE nº 236, de 02/10/2015) no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recuso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

SÉTIMO.- Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

É canto procede informar.

Cúmprase.